


3.1 CUNCAS INTERNAS DE GALIZA-COSTA



PUNTOS NEGROS

- (1) Río O Serrido, Cambados, Pontevedra. Cambios no réximen de sedimentación, debido á regulación do seu cauce.
- (2) A Fervenza de Ézaro, río Xallas, A Coruña. Pérdida da paisaxe pola construcción dun encoro.
- (3) Río Eume, As Pontes, A Coruña. Transvase de auga para encher cunha lagoa artificial en construción aproveitando o oco dunha antiga mina.
- (4) Río Lengüelle, Cerdedo, A Coruña. Mortandade de peixes por verquidos tóxicos de xeito reiterado e desagüe da central térmica.
- (5) Río Lagares, Vigo, Pontevedra. Verquidos de hidrocarburos.
- (6) Ría de Arousa, Pontevedra. Verquidos incontrolados.
- (7) Cidade de A Coruña. Verquidos incontrolados.
- (8) Cidade de Pontevedra. Verquidos incontrolados.
- (9) Cidade de A Coruña. Verquito das súas augas residuais sen tratamento.
- (10) Cidade de Ferrol, A Coruña. Verquito das súas augas residuais sen tratamento.
- (11) Cidade de Vigo, Pontevedra. Verquito das súas augas residuais con tratamento inadecuado en zona sensible.
- (12) Cidade de Santiago de Compostela, A Coruña. Verquito das súas augas residuais con tratamento inadecuado en zona sensible.
- (13) Río Currás, Vilanova de Arousa, Pontevedra. Verquito de lodos caústicos.
- (14) Encoro A Baxe, Río Umía, Pontevedra. Cheiro do río, carga bacteriana na saída da encoro e na potabilizadora que se abastece do encoro. Fermentación do fondo do encoro pola acumulación de

Extensión: 13.072 km ² ⁽¹⁾
Provincias: A Coruña, Lugo e Pontevedra
Lonxitude total de cauces: 2.920 km ⁽²⁾
Lonxitude de costa: 1.195 km
Principais poboacións: Vigo, Pontevedra, A Coruña, Santiago de Compostela, Baiona, Vilagarcía de Arousa
Ríos principais: Verdugo, Lérez, Umia, Ulla, Tambre, Xallas, Castro, Grande, Camariñas, Anllóns, Mero, Arteixo e Mandalo. Rías de Pontevedra, Vigo, Arousa, Muros-Noia, A Coruña e Betanzos. Costa de A Coruña
Nº encoros: 22

O ámbito territorial das cuncas internas de Galiza-Costa ocupa o 44,05% do territorio galego. A cunca caracterízase por presentar ríos de curto percorrido, onde as precipitacións repártense de forma desigual⁽³⁾. As canles galegas, con 22 encoros, atópanse fortemente reguladas, cunha presa cada 132 km de río.

CONSUMO

O uso da auga para piscifactorías e produción de enerxía eléctrica está bastante extendido nas cuncas galegas. Estas infraestructuras detraen e modifigan tanto a canle do río como a calidade da auga. As subvencións ó quilovatio da enerxía procedente de fontes renovábel propiciou a construición e maila solicitude de concesións para a instalación de gran cantidade de minicentrais hidroeléctricas (actualmente existen 14 grandes centrais hidroeléctricas, de potencia superior a 10 MW, e 67 minicentrais, de menos de 10 MW⁽⁴⁾). Algunhas delas, a pesar da súa baixa potencia, aturan a construición de presas con alturas similares a un edificio de 5 pisos (15m) e os seus represamentos afectan a importantes lonxitudes de canle. Galiza, con tan só un 5 % do teorriitorio español e un 7 % da poboación,


RECURSOS Y CONSUMO

Auga superficial	12.642 hm ³ /año
Auga subterránea	
Consumo bruto	899 hm ³ /año

USO DA AUGA NA CUNCA GALIZA-NORTE

Agrícola:	60%
Urbano:	25 %
Industrial:	15 %

Fonte: Goberno de Galicia (2005): Informe relativo aos artigos 5 e 6 da DMA. Xunta de Galicia.



produce o 25 % de toda a electricidade de orixe hidroeléctrico do Estado a costa dun grande impacto ambiental⁽⁵⁾.

As presas producen tamén outras alteracións do medio natural como os cambios no réxime de sedimentación. Este fenómeno é manifesto, por exemplo, no río O Serrido, Cambados, onde as augas do cauce pasaron de tons dourados a cor gris como consecuencia destas modificacións⁽⁶⁾. A perda das paisaxes e enclaves naturais é outro dos efectos da construcción de embalses. As fervenzas de Ézaro, sobre o río Xallas, formaban un enorme cadoiro de auga que desembocaba directamente na mar. A construcción do encoro de Fervenzas, unha presa para aproveitamento hidroeléctrico augas arriba, mantén o cadoiro seco sen respetar sequera o caudal ecoloxico mínimo do río⁽⁷⁾ (o Plan Hidrolóxico de Galiza-Costa considera que debe conservarse un 10% do aportamento anual á cunca como caudal medioambiental⁽⁸⁾). Grupos locais pediron en reiteradas ocasións a demolición deste encoro⁽⁹⁾. Até agora só conseguiron que dende o ano 2000 a central solte auga únicamente os domingos de 12.00 a 13.30 h para que a cidadanía poída contemplar a fervenza.

Endesa acaba de expor un proxecto para crear un enorme lago artificial (811 hec-

táreas, 15 km de perímetro e profundidades máximas de até 200 m) aproveitando o oco dunha antiga mina en As Pontes (A Coruña). A empresa, co beneplácito da Administración, pretende transvasar a auga para a enchente dende o río Eume⁽¹⁰⁾ e outros cauces menores do entorno. A empresa vende que deste xeito a auga será de calidade, o lago encherase en só catro anos (cando de forma natural tardaría case tres décadas) e que é unha forma de recuperar para a cidadanía unha zona dexenerada pola actividade mineira. Nembargantes, o transvase dende os ríos veciños causará unha importante detracción de caudais que causarán un grave impacto río abajo, entre eles a ecosistemas como As Fragas do Eume, tanto por falta de auga como por diminución da calidade da mesma. Ademais, o lago nunca conseguirá uns bons niveis de calidade de auga, posto que será unha represa sen corrente que fará necesario o transvase constante de recursos hídricos para conseguir un mínimo oxixenamento. Por outra parte, a recuperación ambiental de calquera área pasa por rexenerala da forma más parecida posíbel á orixinal.

CALIDADE

As análises da Xunta para avaliar o risco de non cumplir cos obxectivos medioambientais da Directiva Marco da Auga están moi atrasados. De feito, o 82,72% das masas de auga superficiais están aínda en estudo. Nembargantes, a propia Administración admite que só

o 13,88% das súas augas non está en risco de incumprimento. No caso das augas subterráneas seguen en estudo o 83,3% das mesmas⁽¹¹⁾.

Ademais da alta regulación dos cauces, o principal problema que afecta á calida-

de da auga dos ríos de Galiza-Costa son os verquidos contaminantes de lodos e augas residuais.

Estes verquidos sucedense na práctica totalidade dos ríos galegos de forma reiterada, pero só se coñecen cando provocan mortaldades de peixes. Un destes casos dase no río Lengüelle, onde nos últimos anos repetíronse varios episodios de aparición de gran cantidad de troitas mortas ó longo dun tramo de 3 quilómetros no que verten os desaugadoiros da central térmica e do vertedoiro de Cerceda (A Coruña)⁽¹²⁾.

Tamén son frecuentes os verquidos de hidrocarburos a cauce. O más recente, o ocorrido no río Lagares (Vigo). Desgraciadamente non é a primeira vez que se detecta unha agresión medioambiental neste río⁽¹³⁾. Como consecuencia de anteriores episodios de contaminación, seláronse a maioría dos desaugadoiros que verten ao río⁽¹⁴⁾. Pero parece que estas medidas non foron suficientes para evitar novos verquidos.

Outro dos problemas que afectan gravemente á calidade da auga da cunca son os verquidos de augas residuais urbanas. A Administración galega admite que o 15% destes augas vèrtense a cauce sen ningún tipo de tratamento⁽¹⁵⁾. Na ría de Arousa existen numerosos verquidos incontrolados⁽¹⁶⁾, coma os que actualmente se producen no río Coroño⁽¹⁷⁾

(Simón Neira)

(Boiro). Esta situación repítese tamén na ría de Pontevedra, onde Poio e Marín verten as súas augas sen depurar⁽¹⁸⁾. Algunos núcleos urbáns importantes como A Coruña e O Ferrol⁽¹⁹⁾ tampouco tratan as súas augas residuais. Outros, como Vigo ou Santiago de Compostela⁽²⁰⁾, verten a zonas sensíbeis sen un tratamento adecuado. Esto provoca graves problemas de eutrofización⁽²¹⁾ das masas de auga superficiais na cunca.

Prodúcense tamén verquidos de residuos sólidos coma os que se observan nas ribeiras do río Ulla, onde se teñen detectado verquidos de peixes (caixas de poliespán e madeira incluídas) que contaminan a auga e as marxes do río⁽²²⁾.

Ademais, a acumulación de lodos nos cauces, algúns de orixe tóxico, producen severos problemas de saúde pública e medioambientais, como o verquido de lodos cáusticos na cauce do río Currás, en Vilanova de Arousa⁽²³⁾. O mal cheiro do río Umia esixiu unha análise das súas augas que revelou a existencia de carga bacteriana tanto á saída da presa de A Baxe como na potabilizadora que se abastece da presa. A causa é a fermentación do fondo do embalse por acumulación de sedimentos de orixe orgánico⁽²⁴⁾.



CONCLUSIÓNS

- ~ A calidade da auga na cunca é moi deficiente, pois tan só o 13,88% das súas masas de auga superficiais está en disposición de cumplir cos obxectivos ambientais da DMA.
- ~ A contaminación por verquidos de augas residuais son o principal problema que afecta á calidade da auga dos ríos e rías galegos. O 15% dos municipios da cunca non realiza ningún tratamento das súas augas fecais (entre os que cabe destacar A Coruña e O Ferrol). Noutros, o tratamento é insuficiente ou faise de forma incorrecta (como en Vigo ou en Santiago de Compostela).
- ~ Cabe destacar o incremento de verquidos incontrolados de orixe industrial, que, aínda que sexan puntuais, causan graves efectos sobre o medio ambiente (verquidos sólidos e lodos tóxicos, fugas de hidrocarburos...) pola súa elevada toxicidade.
- ~ A pesar de contar cun réxime pluviométrico importante, o grao de contaminación dos ríos tense visto agravado pola intensa regulación que sofren os cauces (existe unha presa cada 132 quilómetros de cauce, 14 grandes centrais hidroeléctricas, 67 minicentrais e numerosas piscifactorías). Esta situación favorece os procesos de eutrofización da auga, que fan que a calidade disminúa significativamente. Ademais modifica o réxime de sedimentación dos ríos e dos aportes de nutrientes necesarios para o correcto desenrollo dos ecosistemas asociados ó medio fluvial e mariño.

DEMANDAS

A Xunta ten que realizar con maior rigor os traballos e obrigas que a Directiva Marco da Auga esixe a tódalas cuncas da Unión, pois do contrario terá serias dificultades para cumplir cos obxectivos da devandita Directiva. As medidas máis urxentes son:

- ~ A Administración galega non pode seguir incumprindo a normativa europea sobre depuración atrasando a posta en marcha real dun plan de depuración integral de tódolos seus municipios. Até agora só teñen proxectado un plan para a costa (que leva 10 anos de atraso, xa que é obligatorio depura-las augas residuais urbanas dende 1995), que non recolle, entre outras cousas, a separación de depuradoras industriais (que necesitan outro tipo de tratamentos) das urbáns.
- ~ É necesario que o Goberno galego articule medidas para frea-los crecientes verquidos industriais que se producen nos seus ríos. Por elo teñen que obrigar ás empresas contaminantes e con historial de verquidos tóxicos a converterse á producción limpa e fomentar que o resto da industria se acolla tamén a estas prácticas.
- ~ A Administración galega ten que considera-la instalación das centrais hidroeléctricas, tanto as novas como as xa existentes, dende o punto de vista ecológico. Hai que por especial coidado á hora de seleccionar os emprazamentos, descartando aqueles situados en parques nacionais e en calquera outro lugar sometido a figuras de protección. Estas obras non poderán supoñer la construcción de grandes diques ou presas que afecten á ictiofauna, nin ter potencias instaladas superiores a 10MW.

NOTAS

1. Comunidade Autónoma de Galicia (2003): Plan Hidrolóxico das cuncas internas Galiza-Costa.
2. CEDEX (2005): Tipificación provisional de ríos. Centro de Estudios Hidrográficos do CEDEX.
3. Comunidade Autónoma de Galicia (2003): Plan Hidrolóxico das cuncas internas Galiza-Costa.
4. Datos do Instituto Enxerxético de Galicia (INEGA), na páxina Web da Asociación para a defensa dos ríos. www.geocities.com/RainForest/Watershed/7506/embalses/index.html.
5. Páxina Web do Proxecto Río. www.proxeccorio.org.
6. Primeiros signos del embalse de Cladas. La Voz de Galicia. 10/04/2005.
7. Páxina Web das Fervenzas do Xallas. www.galeon.com/marialor/fxallas.htm.
8. Comunidade Autónoma de Galicia (2003): Plan Hidrolóxico das cuncas internas Galiza-Costa.
9. Ecologistas piden demoler el embalse de O Ézaro. La Voz de Galicia. 17/04/2005.
10. Los expertos constatan que el futuro lago minero será único en el mundo. La Voz de Galicia. 09/09/2005.
11. Goberno de Galicia (2005): Informe relativo aos artigos 5 e 6 da DMA. Xunta de Galicia.
12. El río Lengüelle sufrió tres vertidos en Cerceda desde 2001. La Voz de Galicia. 01/07/2004.
13. Un vertido clandestino causó la reciente mortandad de peces en el río Lagares. La Voz de Galicia. 12/06/2002.
14. El control de un vertido de fuel en el río Lagares evita un desastre. La Voz de Galicia. 19/03/2005.
15. El 15 % de las aguas residuales de Galicia no son recogidas ni tratadas. La Voz de Galicia. 22/10/2004.
16. La mayor parte de las rías gallegas carecen aún de saneamiento integral. La Voz de Galicia. 30/08/2004.
17. Medio ambiente eliminará los vertidos fecales al río Coroño. La Voz de Galicia. 20/09/2005.
18. El valedor esige a las instituciones la mejora del saneamiento de las rías. La Voz de Galicia. 27/08/2005.
19. Las obras de la EDAR arrancarán el próximo año y operará en el 2009. La Voz de Galicia. 20/09/2005.
20. Comisión das Comunidades Europeas (2004): Informe da Comisión ao Consello, ao Parlamento Europeo, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das rexións. Aplicación da Directiva 91/271/CEE do Consello, de 21 de maio de 1991, sobre o tratamento das augas residuais urbanas, na súa versión modificada pola Directiva 98/15/CE da Comisión de 27 de febreiro de 1998.
21. Eutrofización: contaminación causada polo aumento de nutrientes na auga, especialmente de compostos de nitróxeno e/ou fósforo, que provoca un crecemento acelerado de algas e especies vexetais superiores, co resultado de trastornos non desexados no equilibrio entre organismos presentes na auga e na calidade da auga á que afecta.
22. Localizan un nuevo vertido de cajas de pescado en la ribera del río Ulla. La Voz de Galicia. 04/09/2004.
23. Un niño sufre quemaduras graves al pisar lodo contaminado por un vertido. La Voz de Galicia. 14/08/2004.
24. La carga bacteriana detectada en el agua del Umia propicia otro análisis. La Voz de Galicia. 13/01/2005.